

## Félix Soage: a tenacidade dun filántropo cangués

---

Por Luis Alba

### Prólogo de **Camilo Camaño Xestido**

*De seguro que todos coñecemos dabondo o monumento que dende fai anos engalana a Alameda Vella da nosa vila, alameda de Xosé Félix Soage. Menos seguro é que tódolos cangueses coñezan a quen pertence a creación de tan fermosa obra de arte. Nin máis ni menos que esta obra pertence o que fora un dos grandes escultores do noso país: "ASOREY". E eu preguntome se tódolos que a cotío paseamos, disfrutamos do lecer ou mesmamente circulamos pola zoa, temos coñecemento de que representa ou o por qué de tal monumento.*

*Na intención está, o aproximarnos un pouquiño máis todos a figura de D. Xosé Félix Soage, tal e como reza no pé e asemade na placa que anunciaba a entrada principal do Mercado de Abastos, que temos a seguridade de que logo de ser restaurada voltará o seu lugar primitivo.*

*Neste vran, co gallo do recoñecemento que a C.I.G. migración en colaboración con varios concellos de Galicia, e que o de Cangas vai honrar e honrarse coa presenza de Amalia Casal Rey Durún, destacada personalidade da cultura en ultramar; directora cultural do Centro de Estudios Galegos en Salvador de Bahía (Brasil), poetisa, periodista e un longo etcétera, por tratarse dunha descendente de emigrantes galegos. Haberá nos tabarios do día da Patria, unha serie de actos entre os que destacarán una ofrenda floral a Xosé Félix Soage, pola súa condición de emigrante exemplar.*

*Coa debida autorización, imos recoller os datos que poidan axudarnos a coñecer un pouco máis a tan singular personaxe, dun artigo asinado por Luis Alba e publicado nesta primaveira no periódico "Galicia en el Mundo Exterior".*

---

**Mantivo sempre o seu amor a terra que o mirou nacer e a pesar que dende moi xove emigrou a Arxentina, Cangas sempre estivo presente no seu corazón. A fortuna aliouse do seu lado e permitiu que este filántropo cangués puidera cumpli-lo seu soño de axudar na recuperación e desenrolo do seu pobo.**

Xosé Soage naceu en Cangas do Morrazo, alá polo ano 1844. Con tan só 14 anos, chegou coa súa familia ó porto de Bos Aires o 8 de xullo de 1858. Por aqueles anos a Arxentina era un país que se estaba a facer. Bos Aires era a súa cidade importante, a que concentraba a case totalidade da poboación, o resto do país era case un continente semideserto a conquistar. Félix Soage e os seus familiares serían unhas das primeiras familias que virían co obxectivo de coloniza-la chaira pampeana e posteriormente a patagonia.

Despois da independencia Arxentina, prodúcese unha feroz loita entre faccións antagónicas, denominadas "Unitarias" e "Federales", enfrontamentos estes que estaban vinculados co tipo de estrutura político-administrativo que se quería impor, pero fundamentalmente o que estaba en xogo era o modelo económico. Finalmente, triunfaría o herdado pala colonia, baseado no modo prusiano da tenencia da terra. O cal provocou que se conformara unha clase terratenente, propietaria de grandes extensións de territorio gañado na conquista do deserto, ou mellor dito co exterminio do indio.



Ó concluír a virtual guerra civil e a anarquía xeralizada, comeza unha etapa, de ordenamento e construción dunha Arxentina, cun modelo de colonia agro-exportadora (Lá, coiro, carne, trigo, etc.). Este modelo de país, necesitaba man de obra barata, para o campo; por outra banda, Arxentina precisaba, fronte ó seu inimigo xeopolítico, (Chile), ocupar espazos desertos cara o sur.

A mediados do século XX, chegan continxentes migratorios de Galicia, co obxectivo de acompañala colonización dos "novos" conquistadores. Estas familias, estaban contratadas, para traballos do campo. Moitos destes emigrantes, lograron rapidamente independizarse, poñendo "pulperías" ou adicándose ó comercio de ramos en xeral. Algúns deles, os máis listos, foron mercando terras, ata converterse en grandes latifundistas, como o caso do "Galego" Ibón Noya, na patagonia. Aínda que a maioría dos emigrantes galegos, voltarían á cidade de Bos Aires, para incorporarse a incipiente industria porteña. Unha das correntes colonizadoras

de galegos, diríxese as terras do Tuyú, no Partido de Dolores (provincia de Bos Aires) zona ésta, de bos pastizais, para o gando vacún.

O xove Soage, empléase nun almacén de ramos xerais, que teñen os seus familiares, Xosé Manuel Soage e Xosé F. Villarino. Os clientes do seu negocio, son os típicos gauchos arxentinos, quen proveerán de comestibles ou aparellos para as súas faenas do campo. Pasarán 9 anos, ata que o seu parente, Juan C. Martínez, porao de xerente dos variados negocios, que éste ten no pobo. Perante 13 anos que durará este emprego, logra facerse cuns bos aforros, que xunto a un préstamo bancario, permítelle mercar, en xaneiro do 1880, unha fracción de terra de 16.000 hectáreas, equivalentes o tamaño do seu municipio natal.

Os terreos mercados, están na zona de Casares, dentro da propia provincia de Bos Aires. Ó pouco tempo, Soage, contará con 20.000 cabezas de gando ovino. O xove "estanciero", logo soportará, un dos intres máis agres da súa vida, a causa dunha forte inundación, que case o deixa sen gando. O seu tesón e resistencia, fan que Soage, realice as obras necesarias para evitar futuras inundacións, que lle fagan perder, toda a súa inversión. A revista arxentina "El Hogar", realizou unha semblanza da súa personalidade, nun artigo: "E con paciencia de formiga compre alí unha tarefa que despois atraerá a atención dos entendidos: abre canles, tende unha complicada rede de desagües, levanta a brazo os niveis escurridizos co marrizal que extrae dos baixos, e efectúa esta ímproba labor de topo, persoalmente e de sol a sol, coa enerxía famenta do porvir que lle acucia vibrando en cada golpe co que o defraudaron. Por fin domaron a adversidade. A chuvia é agora unha bendición sobre os seus campos, a auga flúe pola obra, alimenta os abrevadeiros para a seca e nutre a gleba, que se enxoia coa esmeralda dos pastos tenros como non os hai iguais en todos os abrevadeiros. Así ve Xosé Félix Soage retorna-la riqueza co fácil engorde dos seus animais, e estenderse as maxadas cándidas nas súas 16.000 hectáreas redimidas coma unha ratificación positiva do valor do esforzo empregado por unha nobre ambición".

Perante 20 anos, Soage, adicárase, de cheo, ás actividades agropecuarias. En 1904, trasládase a Bos Aires, onde merca unha finca, na rúa Uruguay 1.602.

Nestes anos da súa vida, desperta en Soage, a súa morriña acumulada en tanto tempo de grandes sacrificios. A súa situación económica era de certa importancia, o que lle permitirá responder, de forma desinteresada, cando os seus veciños, necesitaron da súa axuda. Así segue a relatar a revista "Hogar", esta etapa da súa vida. "Cangas non cambia todo o ouro das laranxas de terra adentro pola prata fulxente das súas sardinerías costeiras porque amar o mar, que non só lle dá o sustento, senón tamén razón para a hombrada mariñeira, fronte á onda muxidora. Así, a vida feliz á beira da súa ría, ata que un día o aletazo dun vendaval castiga o caserío e a borrasca brama dentro da enseada, como se todo o océano quixera meterse na aldea. É no 1894, ano inolvidable para Cangas. O temporal silba toda a noite, xa ó mencer hai pena e estupor no pobo, porque a auga levou o murallón e as instalacións onde na luminosa bonanza de tódolos días as mulleres e os nenos seguen laborando pero agora á intemperie, pois en cada tempada o sol caldea a area e preciso é evitar que o produto se perda. O vecindario resignouse, aínda que coa penosa sensación do seu desamparo, xa que, como nunca se mirou, vese en Cangas as mulleres cargadas de anos, que cando chove e é día de feirar refúxianse nos portais coa mercadería que é fatiga dos seus ollos e recurso da súa vellez cansada -as guerrillas de lá para a xente mariñeira, as grosas medias aldeás para as frías mañás da igrexa-, traballosos labores de agulla que protexen cos seus pañolóns, porque xa non existen os tinglados que se levou o temporal. Pero chega un día a vila unha noticia maravillosa: dende Bos Aires veu a orde de subsanar o dano, e ante os ollos incrédulos dos veciños alzase en Cangas un fermoso edificio, dotado de cámaras frigoríficas e amplo espacio para a salazón do peixe, e, ademais dun mercado de abastos onde as velliñas voltan a levanta-los seus pregóns que, agora, nos ámbitos da moderna instalación, asume resonancias corais, coma se neste cántico laborioso se loara ó lonxano benefactor don Xosé Félix Soage, que dende a gran cidade do Prata, e sobre a distancia e o olvido, ratificou o seu acendrado amor ó terruño, o seu cariño de sempre á aldea humilde que acunou a súa infancia".



Os seus veciños de Cangas, retribuíron esta actitude solidaria, enviándolle un álbum, coa sinatura de tódolos veciños, transmitíndolle o seu profundo agradecemento e imperecedeira lembranza. Así é, que foi construído un monumento, na súa homenaxe, que realizou o destacado escultor Asorey. Este monumento está ubicado, na alameda do pobo.

Félix Soage, terá activa participación, noutras obras benéficas de

Cangas, como foi a de costea-la construción dunha escola, reconstruíu a igrexa parroquial, á que ademais regalou un órgano.


En Arxentina, tamén realizou obras benéficas, entre as máis destacadas: Regala unha sá de primeiros auxilios en Daireaux no Partido de Caseros, lugar onde realiza a súa fortuna. Adica douscentos mil pesos, o levantamento dun pavillón hospitalario, da cidade de Temperley. Realiza o primeiro legado, que rexistra o Hospital Español, de Bos Aires. Funda bibliotecas de barrio. Axuda de forma constante, á benemérita Sociedade de Irmáns dos Desamparados, o Patronato da

Infancia, o Patronato Español, a Sociedade Española de Socorros Mutuos de Bos Aires. Tódolos Nadais, Soage percorría os hospitais infantís, para repartir xoguetes, roupas e golosinas.

En 1919, Soage otórgalle á Sociedade Española de Socorros Mutuos, a cantidade de 25.000 pesos, pola cal, a entidade retribúeo, nomeándoo socio honorario.

O 8 de abril de 1924, o gran filántropo de Cangas morría en Bos Aires, lonxe da súa querida terra, a que tanto lembrou coas súas obras e o seu pensamento.

Luis Alba



Félix Soage  
Uuguay 1062

Buenos Aires, Noviembre 30 de 1921

Señor  
Don Eduardo Vincenti  
Madrid

De mi mayor consideración y estima:

Como el mayor agrado en contestar su estimada de fecha 9 de Octubre último pasado díese dolo que quedo sumamente agradecido por los honorarios conceptos que en ella me favorece, al tener en cuenta razón lo hecho y proyectado por mi en beneficio del pueblo de Cangas desde nací para lo que digo a Dios salud a fin de llegar a feliz término mis deseos, los también merecidos para todas las obras públicas conseguidas merced a sus esfuerzos en beneficio de Cangas, cuya ejecución beneficiando al vecindario ha constituido ventajosamente la prosperidad del pueblo. Como Ud. mucha razón al decir que aunque por distintos caminos, vamos paralelamente a un mismo fin, honrándome en tener por compañero, persona tan altamente colocada y distinguida como Ud. que ha salido durante tan largo período de tiempo, mereciendo la representación de Pontevedra, como diputado a Cortes distinguiéndose en él, como en los demás cargos representados por Ud. tanto en Pontevedra como en Madrid, con la debida seriedad y el aplauso de todos, razón por la que no dudo, merecerá una vez más, ser reconocido para que pueda seguir defendiendo con el

Fragmento dunha carta de agradecemento de Félix Soage a Eduardo Vincenti.

(Publicado en "San Cristovo 96". Xullo 1996. Cangas)